



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 2 de outubro de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

11.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2020. EXPTE. 10199/224.

Visto o informe de fiscalización do 28/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/09/2020, asinado pola axente de Igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, a asesora xurídica do Servizo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 10.08.2020 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2020.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00€ (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 17.08.2019 e 19.08.2020, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 20 de agosto e rematou o 2 de setembro de 2020.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 45 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da Base Oitava), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 17:54	Páxina 1 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAE42-E4E256-45C5BD-PKBT3L-NEDHUL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 15 de setembro de 2020 con obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Porque a xuízo da Comisión de Valoración a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.I. da base quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.e. da base quinta):

- “Sociedad Cultural Deportiva Atlántida de Matamá”, con CIF: G36620854. Proxecto: “Xornadas tecnificación e perfeccionamento no fútbol feminino”. Expediente 10.269-224.

b) Porque o proxecto presentado incumpre o período subvencionable establecido no apartado 1 da base primeira:

- Asociación “Kiara de apoio a familias, menores y mujeres”, con CIF: G27820190. Proxecto “Ás de muller”. Expediente 10.286-224.

2º.- Conceder, con cargo á partida “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos no ano 2020 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres”, por un importe total de oitenta e oito mil seis centos doce euros con 60 céntimos (88.612,60 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 17:54	Páxina 2 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAE42-E4E256-45C5BD-PKBT3L-NEDHUL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

C I F	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Novas tendencias aplicadas a técnica base	16,00	2.500,00 €	2.500,00 €
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Deseños estruturais aplicados aos arranxos florais	16,00	2.500,00 €	2.500,00 €
G36964757	Asociación de Mujeres Viúdas Demócratas Europeas de Vigo	Curso básico do manexo de dispositivos móbiles	20,00	600,00 €	600,00 €
G36861078	Fundación Érguete Integración	A E-administración ao teu alcance	35,00	1.400,00 €	1.400,00 €
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico	16,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36380301	Asociación Diagnosticadas de Cancro de Mama	Promoción da saúde nas mulleres diagnosticadas de cancro	22,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Taller de alimentación saudable	20,00	2.250,00 €	2.250,00 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Preparando o Nadal	14,00	600,00 €	600,00 €
V36658680	CRC de Cabral	Restauración do moble	18,00	1.990,00 €	1.990,00 €
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	Accións para a promoción da igualdade	31,00	1.510,69 €	1.510,69 €
G28197564	Asc Española contra el cáncer Vigo	Moito que gañar. Programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica	20,00	2.000,00 €	2.000,00 €
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36820637	Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo	Curso de pandereiteiras 2019/220	17,00	1.108,53 €	1.108,53 €
G36729796	A VV Feira Cabral	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36640985	A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	20,00	2.250,00 €	2.250,00 €
G36648640	AVSC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades promoción da muller	16,00	3.000,00 €	3.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 17:54	Páxina 3 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAE42-E4E256-45C5BD-PKBT3L-NEDHUL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

C I F	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	Programa de comunicación e vendas	21,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Vivir en igualdade	33,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36633428	SCRD Helios	Técnicas de mellora para a saúde	16,00	1.010,00 €	1.010,00 €
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Mulleres con moito que dicir II	22,00	1.000,00 €	1.000,00 €
G27745397	Fundación para la pesca y marisqueo FUNDAMAR	VI Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	33,25	1.250,00 €	1.250,00 €
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Productos del Mar	VI Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	33,25	1.250,00 €	1.250,00 €
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Curso formativo de risa activa. Consciencia emocional	37,00	1.950,00 €	1.950,00 €
G36642726	Asoc. Axuda ao Toxicómano Érguete	Xénero e condutas aditivas. Espazo WEB	20,00	500,00 €	500,00 €
G36949006	Asociación Aulas de Formación Aberta	Canal de Mujeres Seniors	26,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36648988	A V C D San Xurxo de Saiáns	Cerámica Iniciación III	17,00	1.200,00 €	1.200,00 €
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Ferramentas para a promoción da igualdade no traballo sindical	32,00	2.895,00 €	2.895,00 €
G36651073	Asociación Veciñal Cultural de Deportiva de Cabral	Aula de canto e percusión tradicional	18,00	452,50 €	452,50 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Vivir en igualdade	38,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G36627453	Asoc. Viguesa de Alcoholoxía ASVIDAL	Constrúe VI	30,00	1.381,00 €	1.381,00 €
V09409749	Acción Laboral	Moldos para escapar	31,00	2.450,00 €	2.450,00 €
G15849318	Fundación CIP	Formación para a incorporación da perspectiva de xénero cualificada	30,00	3.000,00 €	3.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 17:54	Páxina 4 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAE42-E4E256-45C5BD-PKBT3L-NEDHUL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

C I F	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36709004	A Veciñal Doutor Fleming	Avanzamos en igualdade	18,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G27783950	Asociación Diversidades	Obradoiro Donas da Cidade 2020	33,00	1.137,22 €	1.137,22 €
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Orgullo crítico LGTBI*Vigo 2020	44,50	1.497,50 €	1.497,50 €
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller. Educación para a saúde	34,50	3.000,00 €	3.000,00 €
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Ensinanza xeral da creación do arte floral	25,00	1.121,00 €	1.121,00 €
G36791291	Agrupación Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Proxecto igualdade e promoción de actividades de xénero sen xénero	18,00	2.327,16 €	2.327,16 €
G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divírtete. Teñámonos en conta.	25,00	2.922,00 €	2.922,00 €
G01796184	Asociación Mulleres e Palabras	Todas somos lilas. Atopa o teu matiz	25,00	560,00 €	560,00 €
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan Muller en Coruxo 2020	19,00	3.000,00 €	3.000,00 €
G27739861	Asociación Cultural Traspés	Aulas de recuperación etnográfica a través do canto e a música tradicional	14,00	3.000,00 €	3.000,00 €
TOTAL			1.073,50	88.612,60 €	88.612,60 €

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 17:54	Páxina 5 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ABAE42-E4E256-45C5BD-PKBT3L-NEDHUL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		